

1

Diversión intelixente



Entre os moitos museos cos que conta Galicia destacan, pola súa orixinalidade, os Museos Científicos da Coruña: a Casa das Ciencias, a Domus e o Aquarium Finisterrae. Son espazos interactivos que pretenden achegar a ciencia ao público, combinando con acerto diversión e aprendizaxe.

A **Casa das Ciencias** (1983) é un palacete de planta octogonal que alberga catro salas de exposición. Na cúpula sitúase o planetario, onde se poden contemplar os planetas, a Lúa e todas as estrelas visibles desde a Terra. Suspendido no oco da escaleira central, destaca un péndulo de Foucault, que permite comprobar a rotación da Terra sobre o seu eixe.

A **Domus** ou **Casa do Home** (1995) foi o primeiro museo interactivo do mundo dedicado ao ser humano. Ten máis de 200 módulos para divertirse e coñecernos a nós mesmos.


O **Aquarium Finisterrae** ou **Casa dos Peixes** (1999) está situado mesmo á beira do océano Atlántico. Ademais de tanques con numerosas especies mariñas, conta con diferentes elementos para a aprendizaxe e a diversión.

Están os tres entre os museos máis visitados de Galicia. Se non os coñeces, anímate; e se os coñeces..., paga a pena repetir!

■ Escoita ou le e contesta

- Que significado ten a palabra *planta* no segundo parágrafo?
- Debuxa a *planta octogonal* da Casa das Ciencias.
- Ordena cronoloxicamente os tres museos.
- En cal destes museos poderías...?
 - a) Escoitar os latexos do corazón.
 - b) Contemplan o ceo de calquera data do século.
 - c) Asistir á hora de comida das focas.
- Reflexiona. Tendo en conta que se trata de museos *interactivos*, cal será a afirmación verdadeira?
 - a) Nestes museos, pódese ver, pero non tocar.
 - b) Nestes museos pódese ver e tocar todo.





■ Podes coñecer?



- En que lingua están escritos os nomes *Domus* e *Aquarium Finisterrae*? Que significan?
- Entrade nas seguintes páxinas *web* e contestade:
 - a) Quen é Gaston?

<http://www.coruna-virtual.com/casa-peces/3-724-390-724.htm>

- b) De que nacionalidade é o arquitecto da Domus?

<http://mc2coruna.org/gl/domus.html>



2

Estou prendendo o ordenador cando petan na porta e (coma sempre sen dar-me tempo a contestar) entra miña nai:

—Carlota, quería dicirche unha cousa...

Estou preparando a artillería para contestarlle cunha saída de ton.

5 —A avoa vai marchar catro días para a aldea. Teñen que cambiar unhas fiestras da casa. Pensei que podías acompañala, se queres. Como marcha o xoves, perderías só dous días de clase, e eu podo falar co titor.

A proposta cólleme de sorpresa, e inmediatamente asómbrome de min mesma porque non me fai ilusión ningunha marchar. Que raro! Se chega a propoñerme esta

10 idea hai un mes, daría saltos de alegría. Daquela devecía por saír do medio, pero agora... Teño que confesarme a min mesma que non podo soportar a idea de estar catro días sen ver a Miguel.

—Non sei... É que vai haber exames dentro de pouco. Será mellor que quede.

Mírame con cara de incredulidade. Queda calada un intre e logo achégase e dáme

15 unha aperta moi forte.

—Filla, que responsable es!

Síntome un pouco avergoñada desta pequena fraude. Aínda que teño confianza coa miña nai, nunca se me ocorrería contarlle se me gusta un rapaz ou non.

A propósito de fraudes de pouca monta, agora que somos amigos, Nacho ándame
20 contando a súa vida. Este rapaz parece un marulo e resulta que é un xenio para os negocios. Cóntame que cando estaba en segundo da ESO e Elvira era a súa profe de ciencias, empezou a criar vermes da seda. Á maior parte da xente, estes bichos sempre lles morren. Pero Nacho, a pesar da pinta de brután que ten, buscáballes as máis ricas follas da moreira do parque, limpaba as caixas con xeito e coidábaos tan
25 ben que os vermes medraban, facíanse bolboretas, poñían ovos e multiplicábanse sen parar. En resumo, que un bo día a nai de Nacho deulle un ultimato:

—Ou desaparecen esas caixas ou o que vas desaparecer vas ser ti.

«Despois falan das madrastas dos contos. Que crueldade! E total por seis ou sete caixas de zapatos», laiábase Nacho.

30 —E que fago con eles, pobriños? —queixábase.

—Menos soltalos pola casa, o que queiras. Podes botalos ao río, regalarllos a alguén, incineralos nunha estufa. Pero nin un día máis, oíches?

Nacho, segundo me contou, ofreceulles os bichocos a todos os seus amigos. Pero, desgraciadamente, súa nai non era un modelo único, e as tímidas suxestións de
35 acoller uns vermiños orfos nas distintas casas non foron ben recibidas.

Un día, cando máis desesperado estaba, tivo unha idea xenial.

Conseguiu que súa nai aprazase unha semana a fatídica data en que debía presentar o cuarto limpo para a inspección. Só quedaba convencer a catro ou cinco amigos da clase para que lle fixesen un pequeno favor.

40 O home que ten unha tenda de animais xunto aos videoxogos non daba creto. Na última semana non houbo día que non entrase un rapaz preguntando se vendía vermes da seda.

Que raios estarían facendo nas clases de ciencias? Como ía el conseguir os malditos bichos?

45 «Aquí entra outro rapaz máis, un mangallón, cunha enorme bolsa de deportes ao lombo. Seguro que vén preguntar se vendemos vermes da seda», pensaba o home.

—Merca vermes da seda? —preguntou o mangallón.

—Non —dixo o home mecanicamente—, non. Non teño vermes da seda... Espera un momento, preguntaches se merco?

50 En cousa de poucos minutos, Nacho saía da tenda coa bolsa de deportes baleira e no peto os primeiros billetes que gañara na súa vida. El di que o home aínda debe estar preguntándose como os profes de ciencias mudan de opinión con tanta facilidade.

Marilar Aleixandre: *A banda sen futuro*, Edicións Xerais (adapt.)



Léxico

- 1** Busca na lectura unha palabra que signifique o mesmo que cada unha das seguintes:

ventás decontado momento abrazo
bruto queixábase crecían cambian

- 2** **Dicionario.** Busca o significado de **fraude** e **ultimato**.

- En que situación aplicarías cada palabra?
- a) A profesora foi tallante: ou entrégolle mañá o traballo ou suspéndeme.
- b) Foi un escándalo: todas as papeletas da rifa tiñan o mesmo número.

- 3** Emparella cada expresión co seu significado:

Expresión	Significado
<i>Sáida de ton</i>	Alzar a voz como mostra de enfado.
<i>Sen ton nin son</i>	Adecuadamente, en harmonía.
<i>Fóra de ton</i>	Impertinencia, grosería.
<i>Subir o ton</i>	Sen motivo, sen sentido.
<i>A ton con</i>	De maneira inoportuna.

Comprensión

- 4** Que estaba facendo Carlota cando entrou a nai no cuarto?
- 5** Que lle propón a nai a Carlota?
- Que escusa lle dá a rapaza?
 - Por que non quere ir en realidade?
- 6** Escribe, en plural, o nome destes animalíños e di cales criaba Nacho na súa casa:



- 7** Que ultimato lle deu a nai?

- Cal cres que sería a razón?

Personaxes

- 8** Quen é quen? Emparella:

Carlota	Amigo da nena.
Miguel	Nena protagonista.
Elvira	O rapaz que lle gusta.
Nacho	Profesora de Ciencias.

- 9** Elixo en cada caso a opción que máis se axuste a Nacho; xustifica a resposta cun fragmento do texto:

- a) É un marulo. – É intelixente.
b) É coidadoso cos animais. – É un pouco brután cos animais.
c) É pequeno e miúdo. – É alto e forte.

Situación

- 10** En cales destes lugares se desenvolven os feitos narrados? Elixo tres:

Salón da casa	Cuarto de Carlota
Cuarto de Miguel	Cuarto de Nacho
Tenda de videoxogos	Tenda de animais

Resumo

- 11** Conta coas túas palabras en que consiste o engano argallado por Nacho. Comeza así:

Para poder desfacerse dos vermes da seda, Nacho falou primeiro con todos os seus amigos. Pedíulles que...

Opinión persoal

- 12** Por que cres que Carlota lle vai contestar mal á nai cando entra no cuarto?

- Pásache a ti o mesmo? Como reaccionas nese caso?

- 13** De que se sente avergoñada Carlota?

- Con cal destas afirmacións estás máis de acordo? Explica a túa resposta:

- a) Aos pais hálles que contar todo, porque sempre nos poden axudar.
b) Hai certas cousas que non se lles contan aos pais.

2

Lingua e sociedade

Un mundo de linguas

Le, reflexiona, resolve...

Investiga

- 1  Busca información (por exemplo en http://www10.gencat.cat/casa_llengues) e copia as cinco respostas correctas.

- a) Tendo en conta que hai uns 200 países, ¿cantas linguas se falan no mundo hoxe en día?
- | | |
|-----------|------------------|
| 200 | Ao redor de 3500 |
| Sobre 800 | Unhas 6000 |
- b) O país onde máis linguas se falan é en Papúa Nova Guinea, en Oceanía. Cantas hai?
- | | |
|-----------------|-------------|
| 10 | Unhas 500 |
| Ao redor de 100 | Máis de 800 |

País **monolingüe**: só se fala unha lingua.

País **plurilingüe**: fálanse varias linguas.

- c) Dos 200 países que hai no mundo, ¿cantos son monolingües?
- | | |
|--------|----------------|
| Ningún | Ao redor de 75 |
| Uns 10 | Preto de 100 |
- d) Segundo a UNESCO, ¿cantas linguas están en perigo de desaparición?
- | | |
|-------------|-----------------|
| Só o 10% | Un 33% |
| Sobre o 25% | Ao redor do 50% |
- e) No ano 2008 o profesor brasileiro Carlos Amaral Freire bateu a marca mundial de aprendizaxe de linguas, aos 74 anos de idade. Cantas linguas demostrou ter estudado este profesor?
- | | | | |
|----|----|-----|-----|
| 38 | 75 | 115 | 201 |
|----|----|-----|-----|

Emparella

- 2 Sigue investigando e emparella o nome de cada lingua coa información correspondente:

romaní - nushu - tártaro de Crimea

- a) Era a lingua dun pobo que foi expulsado do seu territorio, e entón case desapareceu. Pero cando volveron os deportados empezaron a usala de novo, e agora ten uns 375 000 falantes.

- b) É a lingua dos xitanos. A súa principal característica é que non é propia de ningún territorio concreto.
- c) Era a única lingua do mundo falada soamente por mulleres. Empregábanas as campesiñas chinesas para que os homes non entendesen o que dicían entre elas. É unha lingua desaparecida.

Opina e razoa

- 3 Escolle, en cada caso, a afirmación coa que estas máis de acordo e razoa a túa elección.

- | | |
|---|---|
| A | a) Cantas máis linguas haxa, mellor: as linguas son unha riqueza. |
| | b) Cantas menos linguas haxa, mellor: son un problema, e o ideal sería falar todos a mesma. |

- | | |
|---|--|
| B | a) Cando desaparece unha lingua non ocorre nada importante: hai máis. |
| | b) A morte dunha lingua é unha perda irreparable: con ela desaparece tamén unha cultura. |

- 4 Di se estás ou non de acordo con estas ideas de Castelao e razoa a túa opinión.

- a) Se aínda somos galegos é grazas ao idioma.
- b) A variedade de idiomas, coa súa variedade de culturas, é o signo distintivo da nosa especie, o que nos fai superiores aos animais [...] Porque os pobres animais aínda están no idioma universal.

- 5 Pescuda en cal dos seguintes idiomas están escritos os textos do recadro:

sueco - xaponés - galego - éuscaro - italiano - ruso

Eu vivo nunha casa branca cos meus pais.
Etxe zuri batean bizi naiz gurasoekin.
Abito in una casa bianca con i miei genitori.
Jag bor i ett vitt hus med mina föräldrar.
Я живу в белом доме с моими родителями.
僕は大きくて、白い家に親と兄弟と一緒に住んでいます。

3 Vocabulario

No teu cuarto



PASA LISTA

saia	andel	xersei	curruncho
rato	lentes	cuarto	colgadoiro
peto	fiestra	botello	espertador
saba	cadeira	tesoira	grampadora
teito	lámpada	cortiza	chuvasqueiro
chan	chaveiro	almofada	mesa de noite

Os dicionarios

Para calquera estudante que queira realizar ben o seu traballo, os **dicionarios** son ferramentas imprescindibles. O seu emprego frecuente é absolutamente necesario sempre. Neste apartado de **Vocabulario** é, ademais, obrigatorio.

Terás que usar, sobre todo, **dicionarios de lingua** (para consultares os significados das palabras, a súa ortografía, etc.) e **dicionarios de sinónimos e contrarios**.

Agora tamén podes consultar en Internet o **Dicionario da Real Academia Galega (RAG)**, no seguinte enderezo: www.realacademiagalega.org/diccionario

Ten en conta

Infórmate sobre familia léxica, sufixos e palabras derivadas nas páxinas 15 e 16 desta unidade.

Infórmate e resolve...

1 Emparella cada número da ilustración coa palabra de **PASA LISTA** que corresponda.

2 Di que «cousa» de **PASA LISTA** hai posiblemente no cuarto de Carlota e seguramente non haxa no de Nacho.

- Explica a razón da presenza nun cuarto e da ausencia no outro.

3 Substitúe cada palabra destacada por outra que signifique o mesmo de **PASA LISTA** e cambia os artigos que cumpra:

- Como tes este **dormitorio**! O **cabezal** tirado no chan, enriba da chaqueta, a **faldra** toda engurrada... O único que está no seu sitio é a **percha**, pero sen nada colgado.
- Pasaches a maior parte da tarde sentado nese **recuncho**, sen facer nada e mirando pola **ventá**. Por que non colles os **anteollos** do **estante** onde os deixaches e empezas a traballar?

4 Une **chan** e **solo** con cada significado:

- Superficie sobre a que se anda.
- Terreo onde se pode edificar.
- Completa cada oración con **chan** ou **solo**:
 - Con tanta construción subiu moito o
 - O ... está mollado, acabo de fregar.
 - Apañade todas as mazás que haxa no
 - Neste ... queremos facer unha casa.

5 Busca os dous castelanismos que hai en cada oración e substitúeos polas palabras galegas correctas:

- Recórtao ben coa tixeira e pono no corcho.
- As gafas non che quedarían na habitación?
- Mira, alí tes o botellín ao lado da hucha.
- Eu creo que a silla está mellor naquel rincón.

6 Pon en cada oco unha palabra da familia léxica de *grampadora*:

A profesora mandoume ... o traballo, pero na casa non quedaba nin unha ...

7 Forma palabras derivadas co sufixo **-eiro** e escribe cada unha na columna que lle corresponda:

chave – zapatos – roupa – moedas – reloxo
xardín – gaita – cociña – ficha – azucre – peixe
sal – alfinete – paraugas

Lugar/Utensilio para gardar algo	Oficio/Profesión

8 Emparella cada expresión co seu significado.

Expresión	Significado
<i>Tocar teito.</i>	Falar mal de alguén.
<i>Poñer polo chan.</i>	Pensar algo con tempo.
<i>Tíralle do peto.</i>	Pedir cartos, para non devolvelos.
<i>Consultar coa almofada.</i>	Chegar ao punto máis alto posible.

- Completa cada oración coa expresión máis axeitada:

- É un rexoubreiro, ... a todo o mundo.
- Que descarado es! Ti ... a quen sexa.
- ... e chámame mañá cando te ergas.
- É imposible xogar mellor, xa ...

Investiga... con axuda do dicionario

9 Pescuda de que outra maneira se lle chama tamén á **mesa de noite**.

10 Algunhas palabras teñen distinto significado en singular e en plural. Explica a diferenza que hai entre **lente** e **lentes**.

4 Gramática

As palabras

4.1 Como están formadas as palabras?

Hai palabras formadas por **un só elemento** e, polo tanto, non poden descompoñerse: *avó, muller, reloxo, par, campión, terra, feliz, mellor, lonxe, agora*.

A maioría, en cambio, están formadas por **varios elementos** e poden descompoñerse en partes máis pequenas: *avó-s, avo-a, avo-a-s, muller-es, relox-ería, relox-eir-o-s*.

4.2 Lexemas e morfemas

Os elementos que forman as palabras son de dúas clases: **lexemas** e **morfemas**.

- O **lexema**, ou **raíz**, é a parte invariable da palabra e contén o seu significado léxico (significado propio e completo): *im-par, campión-ato, extra-terr-estre, ferv-o, almorz-ou*.

Teñen **lexema** os substantivos, os verbos, os adxectivos e máis a maioría dos adverbios.

- Os **morfemas** non posúen significado léxico, pero achegan unha determinada información:

Gramaticais	Só dan información gramatical	Xénero: masculino e feminino	avo-a, lour-o, lour-a
		Número plural	avó-s, muller-es
		Desinencias verbais	ferv-o, almorz-ou
Derivativos	Forman palabras novas, derivadas	Prefixos	im-par, sub-campión
		Sufixos	relox-ería, piñeir-al

As **desinencias** son morfemas que forman a terminación das palabras. Indican o xénero e o número nos nomes, e indican o modo, o tempo, o número e a persoa das formas verbais.

Le. pensa, aplica...

- Escribe en dous grupos estas palabras da lectura *O negocio da seda*, segundo estean formadas por un elemento ou por varios elementos:

negocio - seda - vermes - ordenador - avoa
fiestas - aldea - bolboreta - filla - deporte
semana - titor - facilidade - videoxogo - profesora - sorpresa - alegría - confianza - ilusión
moreira - minutos - home - deportes - bolsa
opinión - días - aperta - fraudes

un elemento	varios elementos
seda	avoa
...	...

- Escribe o lexema destas palabras derivadas:

profesoradô - deportivos - reacción - martelada - zapatos - carballeira - bisílaba - peixeiro irregular - alumnado - equipaxe - contraorde

- Escribe, onde corresponda, os morfemas gramaticais de cada palabra:

fillos - mestra - andei - doutores - alumnos
quento - difíciles - ferverías - netas - noivo
medraban - vermellas

	xénero	número	desinencias verbais
fillos	-o-	-s	
...	...	...	...

4.3 Prefixos e sufixos

Os **prefixos** e os **suffixos** son os morfemas que se unen cos lexemas para formar as palabras derivadas. Axudan a completar o significado desas novas palabras resultantes da devandita unión.

- Os **prefixos** van antes do lexema: *pre-historia*, *anti-néboa*, *des-vantaxe*, *i-legal*.
- Os **suffixos** van despois do lexema: *dent-ista*, *ourens-án*, *froit-ería*, *mir-adoiro*.

4.4 As palabras segundo a súa estrutura

Segundo os elementos dos que constan, as palabras clasifícanse do seguinte xeito:

- **Simples**, formadas de dúas maneiras:
 - Só por un lexema: *avó*, *muller*, *lingua*, *venres*, *mañá*, *forte*, *onte*, *preto*.
 - Lexema + morfemas gramaticais: *avós*, *avoa*, *avoas*, *mulleres*, *xantemos*, *falei*.
- **Compostas**, formadas tamén de dúas maneiras:
 - Por dous lexemas: *fotocopia*, *ollomol*, *balonmán*, *beiramar*.
 - Dous lexemas + morfemas gramaticais: *fotocopias*, *malgastou*, *xordomudas*.
- **Derivadas**, formadas de varias maneiras:
 - Prefixo + lexema: *bis-avó*, *im-par*, *ante-proxecto*, *pos-guerra*.
 - Lexema + sufixo: *coruñ-és*, *debux-ante*, *froit-ería*, *alumn-ado*.
 - Prefixo + lexema + sufixo: *extra-terr-estre*, *inter-nacion-al*.
 - Ademais, poden levar morfemas gramaticais: *bisavoa*, *impares*, *coruñesas*, *extraterrestres*.

Le, consulta e resolve...

- 4 Fíxate no exemplo e descompón cada palabra nos dous ou tres elementos que a forman:

extraescolar - impersoal - escuridade - xesteira - antebrazo - azucreiro - xornalista - perigoso - prehistórico - fachendoso - contraataque - mocidade - desinteresada - moblería - antirroubo - interrexional

	prefixo	lexema	suffixo
extraescolar	extra-	escol-	-ar
...	...	...	...

- 5 Forma todas as palabras posibles con prefixo + lexema + sufixo e con lexema + sufixo.

prefixo		lexema		suffixo
in-/im-/i-		escol-	segur-	-ado
pre-	+	coid-	enfad-	-idade
des-		realiz-	lav-	-ar
		par-	legal-	-able

- 6 Escribe cada palabra na columna que lle corresponda:

baloncesto - sobremesa - fogueteiro - chocolate - adestrador - problema - aninovo - compravenda - cadeira - semicírculo - quantador - movemento - árbore - coliflor - pantrigo - ensinanza - colgadoiro - superdotado - tesoiras - beirarrúa - bisavoa

simples	derivadas	compostas

- 7 Forma quince palabras compostas unindo cada elemento do primeiro cadro con todos os posibles do segundo:

escachar - cortar - parar - portar

ben - sol - auga - folio - céspede - caída - noz - raio - lámpada - unlla - avión - vulto - brisa - voz - piollo

4.5 Familia léxica

Unha **familia léxica** é o conxunto de todas as palabras (simples, compostas e derivadas) que teñen o mesmo lexema.

A familia de **terra** está formada polas seguintes palabras: *terra, terraplén, terrá-queo, terratenente, terreal, terremoto, terreo, terrestre, terrón, aterrar, aterrase, desterrar, enterrar, enterrador, soterrar, subterráneo...*

4.6 Clases de palabras

As palabras (segundo a estrutura, o significado e a función) agrúpanse nas seguintes clases: substantivos, adxectivos cualificativos, determinantes, pronomes, verbos, adverbios, preposicións, conxuncións e interxeccións.

Ola, ti seica chegaches moi contento porque gañaches o primeiro premio!

INT PRON ADV VERBO ADV ADX. CUALIF CONX VERBO ARTIGO ADX. DET SUBSTANT

As palabras divídense en dous grupos, segundo teñan varias formas ou ben unha soa:

- **Palabras variables:** cambian, varían, porque admiten morfemas gramaticais.
- **Palabras invariables:** non varían, porque non admiten morfemas gramaticais.

Palabras variables			Palabras invariables	
substantivos	xénero e número	mozo, moza, mozos, mozas	adverbios	dentro, agora, non, antes, tampouco, seica...
adxectivos cualificativos	xénero e número	louro, loura, louros, louras		
determinantes	xénero e número	o, a, os, as, un, unha, uns, unhas este, esta, estes, estas meu, miña, meus, miñas	preposicións	a, agás, de, canda, deica, desde, sen, con, entre...
pronomes	persoa, xénero, número	eu, ti, el/ela nós, vós, eles/elas algún, algunha algúns, algunhas	conxuncións	que, ca, nin, ou, pero, e, porque...
verbos	modo, tempo, aspecto, número, persoa	canto, cantabas, cantarei, cantaremos, cantásedes, cantarían...	interxeccións	Ai! Eh! Ola! Buf! Bah!

Infórmate e aplica...

- 8** Escribe as palabras, da familia léxica de **móbil**, que corresponden a estes significados:

- Que non se move. Quieto. ...
- Tomar medidas para acadar un fin. ...
- Característica do que se pode mover. ...
- Facer que algo ou alguén non se mova. ...
- Conxunto de mobles dunha casa. ...
- Empresa que compra e vende vivendas...

- Escribe cadansúa oración coas catro últimas palabras.

- 9** Pon en cada oco unha palabra diferente, e adecuada, da familia de **ollo**:

- Non sei o que che quererá Carme, pero non fai máis que ... para ti. Bótache cada ... que parece que te vai comer cos ...
- Pero eu nin me decatara! Seguro que é polas ... que tes, que semella que estás morto de cansazo.

- 10** Consulta o dicionario e escribe cinco palabras de cada familia léxica:

lingua - ferro - lavar - pasar

5

Ortografía

Alfabeto ou abecedario

O **alfabeto** ou **abecedario** dunha lingua é o conxunto de todas as súas letras, ordenadas.

O **alfabeto galego** está formado por **23 letras**.

Alfabeto vén de *alfa* (α) + *beta* (β), as dúas primeiras letras do idioma grego.

Abecedario vén de *a* + *b* + *c* + *d*, as catro primeiras letras do idioma latino.

letras	nomes	letras	nomes	letras	nomes	letras	nomes
a	a	g	gue	ñ	eñe	t	te
b	be	h	hache	o	o	u	u
c	ce	i	i	p	pe	v	uve
d	de	l	ele	q	que	x	xe
e	e	m	eme	r	erre	z	zeta/ceta
f	efe	n	ene	s	ese		

En galego non hai *j* (iota), *k* (ka), *w* (uve dobre) nin *y* (i grego). Estas letras, non obstante, aparecen nalgúns palabras procedentes doutras linguas: *jeep*, *judo*, *karate*, *kiwi*, *whisky*, *Nova York*...

5.1 Os dígrafos

Os **dígrafos** son conxuntos de dúas letras que representan un son único. En galego hai **seis**.

dígrafos	ch	gu	ll	nh	qu	rr
nomes	ce hache	gue u	ele dobre	ene hache	que u	erre dobre

5.2 Xénero

Todos os nomes das letras e dos dígrafos teñen **xénero masculino**: o *a*, o *be*, o *e*, o *gue*, o *i*, o *que*, o *uve*, o *xe*, o *ce hache*, o *gue u*, o *ele dobre*, o *ene hache*...

Consulta e resolve...

- 1** Escribe, co artigo diante, o nome das letras e dos dígrafos de cada palabra:

chave - queixo - arroz - quedella - xarope

Exemplo: chave → o ce hache / o a / o uve / o e

- 2** Ordena alfabeticamente as palabras da lista:

chifre, club, cume, chaira, cempés, chuvia, cobi-za, carreiro, cheo, cinza, chorón, cravo.

- 3** Forma todas as palabras galegas posibles, poñendo en cada oco as letras que cumbran.

...ota	ro...a	...ata	...esta
ca...a	...ato	...eito	... ento

Exemplo: bota, cota, gota, iota, nota, pota, rota, sota, vota, xota

6 Literatura

Os textos literarios

6.1 Que é un texto literario?

A literatura é unha arte, igual que a música, a pintura ou a escultura; é dicir, transmite sensacións, sentimentos, emocións... E da mesma maneira que os músicos utilizan os sons; os pintores, as cores, ou os escultores, a pedra... os escritores empregan as palabras para crear as súas obras.

Os textos literarios teñen como finalidade que gocemos coa súa lectura.

O texto literario ten dúas características esenciais:

- Presenta un mundo imaxinario (máis ou menos próximo á realidade) onde actúan uns personaxes nados da imaxinación do autor.
- Ofrece un uso especial da linguaxe, diferente ao habitual: o importante non é tanto o que conta, senón como o conta. Para iso, o autor utiliza numerosos adxectivos ou recursos estilísticos como a metáfora, a comparación, a personificación, etc.

Comprende, reflexiona, aplica...

Camíño esquecido

Camíño esquecido que xa non vai a ningures. Un camiño calzado de pedra, inzado de silvas ensarilladas e de ortigas ásperas, que se perde na boca moura dunha congostra.

Eu sempre lle preguntaba á miña avoa: «Onde vai dar a vereia vella?». E miña avoa respondíame con certo misterio: «Non vai a ningures, meu meniño».


Aquela «verea vella» tiraba por min e, cando me fixen home, arrisqueime a pasala. E máis alá da medoñenta congostra topei cunha aldea sen xente.

A. D. Rodríguez Castelao: *Cousas* (adapt.)

1 Cales destas características cumpre o texto anterior?

- a) Fala de Castelao.
- b) Utiliza moitos adxectivos.
- c) Serve para que a xente aprenda algo.
- d) O autor expresa as súas sensacións.
- e) O importante é a información que dá.
- f) Utiliza as palabras de maneira fermosa.

2 Substitúe as palabras subliñadas por algunha destas: *escura, invadido, embrolladas, entrada, ningunha parte, feito*.



• Agora volve escribir o primeiro parágrafo coas túas palabras.

• Cres que soa igual ou perdeu parte da súa «maxia literaria»?

3  Busca en Internet e escribe un texto de cinco liñas sobre o autor do texto.

• Que características do exercicio 1 cumpre o texto que escribiches? É un texto literario?

6.2 Os xéneros literarios

Ten en conta

As obras literarias poden estar escritas en **prosa** ou en **verso**.

As obras literarias poden clasificarse en tres grandes grupos ou **xéneros**: a **narrativa**, a **lírica** ou **poesía** e o **teatro**.

- **Xénero narrativo.** Pertencen a este xénero todos os textos literarios que contan unha historia que lles sucede a uns personaxes. Adoitan estar escritos en prosa e neles son frecuentes os diálogos entre os personaxes.

Son, polo tanto, textos narrativos: as **lendas** e **mitos**, os **contos**, as **fábulas**, as **novelas** e os **relatos curtos**.

- **Xénero lírico.** Pertencen a este xénero aqueles textos nos que prima a expresión dos sentimentos, emocións ou estado de ánimo do poeta. Xeralmente están escritos en verso.

- **Xénero dramático ou teatro.** Pertencen a este xénero as obras de teatro, creadas para seren representadas diante dun público. Poden estar escritas en verso ou en prosa.

Dentro do xénero dramático, diferenciamos:

- as **comedias**, que teñen un final feliz.
- os **dramas**, que teñen un final triste ou desgraciado.

Le, identifica, resolve...

Texto 1

Camiña devagar
unha estrela viaxeira
e na conca da ría
bebe o sangue da terra.

Luis Amado Carballo



Texto 2

Naquel intre fun consciente do valente que fora ao arriscar a miña vida por unha pedra preciosa... Pero era tempo de acción.

—Mónica, sae do coche! Hai que fuxir!

—Que dis? Temos que entregarnos! Somos uns delincuentes!

Que rapaza, sempre tan responsable. Aínda así baixou.

Jaureguizar

Texto 3

GRANDULLÓN: A ver ti, Saltarín! Límpame as botas, que vou de caza.

SALTARÍN: Si, señor...

GRANDULLÓN (*facendo burla*): «Si señor, si señor!». Parvo, máis que parvo. E ti, Pequeniña, que esperas para varrer a casa?

PEQUENIÑA: Non, señor; digo si; digo non, señor...

Calo Iglesias

4 Comproba en cada un dos textos anteriores:

- Está escrito en prosa.
- Conta unha historia.
- Expresa a sensibilidade do autor.
- Está escrito para ser representado.
- Hai diálogo entre os personaxes.
- Está escrito en verso.

5 A que xénero literario pertence cada texto?

6 Fíxate no texto 1. Está escrito en prosa ou en verso? Explica por que o sabes.

- Que recurso literario cres que utiliza o escritor en *Camiña devagar unha estrela*?

7 Fíxate agora no texto 3. Cres que se trata dunha comedia ou dun drama?



Traballo con textos

Os textos segundo o ámbito de uso

Todos os días, lemos, escribimos ou escoitamos textos moi diversos. Segundo o ámbito ou circunstancias nos que os utilizemos, distinguimos:

- Textos da vida académica ou escolar.
- Textos da vida cotiá.
- Textos dos medios de comunicación.
- Textos literarios.

1 A que ámbito cres que pertencería cada un destes textos?

a) A definición de palabras sinónimas. b) Unha adiviña infantil. c) Unha entrevista a un famoso nunha revista de moda. d) Unha tarxeta de felicitación de aniversario.

Os textos persoais

A

22 de setembro

Hoxe recibín carta de Silvia. Non sei que facer. Dime que me bota de menos, que conta os días que faltan ata as próximas vacacións... Pero eu non estou seguro do que quero. E pídemme que lle conteste axiña se eu sinto o mesmo... Teño que aclarar a miña cabeza...

25 de setembro

Debo tomar unha decisión xa. Mañá falarei con Marta, pero non lle quero facer dano.

27 de setembro

Estou avergonzado. Non dou xuntado forzas para falar con Marta do que me ocorre con Silvia. Son un desastre.

B


Cita na praia de Covas con Antón.

Silvia, chamoute Antón. Di que o chames.

C

Hoxe chegarei algo tarde por cousas do traballo. Tedes unhas milanesas no frigorífico. Non manchades moito.

D



2 Os exemplos A, B, C, D corresponden a dúas clases de textos. Cales?

3 Silvia ten pegadas no ordenador as notas B e C. Identifica en cada unha delas quen é o emisor e quen o receptor.

4 Que conflito lle preocupa a Antón?

- Como cres que deben solucionarse sempre estes conflitos? Veña, non digas que non o sabes...

5 Quen cres que escribiu a nota D e a quen irá dirixida?

- Por que pensas que non aclara o destinatario nin quen a escribiu?

...na distancia

Para comunicámonos cos demais a distancia, dispoñemos na actualidade de múltiples medios: carta, SMS, chat, correo electrónico, WhatsApp...

As cartas e as mensaxes de correo electrónico son textos epistolares e teñen unha finalidade práctica. Ambos presentan unha estrutura semellante. Observa:

E

Lugar e data — Viveiro, 17 de novembro de 2015

Saúdo — Querido Antón:

Corpo — Durante os máis de dous meses que van alá dende que comezou o curso, non fago máis que pensar no verán e no ben que o pasamos. Lembro que me prometiches volver no Nadal e conto os días que faltan para que chegue; pero, se che digo a verdade, ás veces creo que non volverás.

Non sei dicir o motivo, só é un presentimento. Ti tes aí a túa vida e o verán xa rematou. Penso que talvez non queiras volver verme. Quererás?

Contéstame axiña, por favor.

Despedida — Con cariño,

Sinatura — Silvia

Posdata — P.D. Aínda gardas as cunchas que recolle-mos na praia de Covas?

F

Fotos de Antón

Para: Sara Vázquez

Cc:

Asunto: Fotos de Antón

Ola Sara:

Que tal por aí? Xa sei que ultimamente nos vemos pouco, pero Antón marcha xa en dous días e apetéceme estar con el.

Estoulle ensinando o bonito que é todo isto, para que leve unha boa impresión e tamén para que volva.

Pero iso non quita para que ti sigas sendo a miña mellor amiga. Sabes que te quero moito.

Mándoches un par de fotos para que vexas que riquiño é.

Bicos e bicotes
Silvia



6 Contesta:

- Que relación existe entre o texto E e o texto A?
- Explica quen é o emisor e quen o receptor nos textos A, E e F.
- Ordena cronoloxicamente os textos A, B, C, E e F.
- A estrutura do correo electrónico é moi semellante á da carta. Fíxate ben e di que elementos teñen en común e cales varían.

7 Que tipo de información achega esta combinación de caracteres?

saralopez@hotmail.com

- Que indica o signo @?
- Que información achegan as palabras que están antes e despois do signo?

8 Imaxina que es Antón e escríbeslle a Silvia unha carta de resposta. Aplica a mesma estrutura; á dereita tes algunhas fórmulas para comezar e rematar.

• Comezos:

Prezada Silvia:
Estimada Silvia:
Querida Silvia:
Ola, Silvia:

• Despedidas:

Bicos,
Un saúdo,
Con afecto,
Atentamente,



- 1 Identifica e corrixe os castelanismos que hai nesta serie:

falda fiestra sábanas almohada lentes
cama andel lámpara tesoiras silla

- 2 Completa as seguintes oracións con algunhas das palabras anteriores:

- a) Como che gusta a ..., branda ou dura?
b) Mamá deixou as ... limpas enriba da ... do meu cuarto para que cambie a ...
c) Para recortar ben, acende a ... e colle as ... novas.

- 3 Responde con *chan* ou *solo*:

- a) Onde se cultivan as patacas? No ...
b) Onde se coloca a alfombra? No ...

- 4 Fíxate no seguinte recorte do dicionario e contesta:

peto¹ s. m. 1. Ave insectívora que cría nos troncos vellos das árbores. SINÓNIMOS: picapau, piquelo.

peto² s. m. 1. Recipiente cunha fenda pequena e estreita, no que se garda o diñeiro para aforrar. 2. Especie de saquiño pequeno que se cose na roupa para gardar obxectos miúdos ou para abrigar as mans. SINÓNIMO: bolso. 3. Caixa na que se recollen as esmolos nas igrexas.

peto³ s. m. 1. Parte da armadura que cubría o peito. 2. Parte de certas pezas de roupa que cobre o peito.

- Cantas **entradas** ten a palabra *peto*?
- Cal ten máis **acepcións** ou significados?
- En que entradas e acepcións hai **sinónimos**?
- Que significan as **abreviaturas** s.m.?
- Relaciona cada imaxe co seu significado:



- 5 Relaciona os lexemas da esquerda e os sufixos da dereita e escribe todas as palabras que poidas:

nen-
espert-
libr-
colg-

-ez -ería
-ar -adoiro
-ador -eta
-eiro -ante

- 6 A que familia léxica pertencen estas palabras? mariño, mariñeiro, submarino, marea, marisco, submarinista, ultramar, ultramarinos, amaran, marusía.

- Clasifícaaas segundo conteñan:

- a) Prefixo b) Sufixo c) Prefixo e sufixo

- 7 Forma con estas palabras os nomes dos seguintes obxectos:

sol
vento
unlla
auga



- Clasifica as palabras anteriores en simples, derivadas e compostas.

- 8 Ordena as letras e forma palabras con dígrafos:

n i h n g	a r a l p a t d	l a a r a l p a t d	n g u e a s	o s i o u q c	c a r a c o h
-----------------------	--------------------------------------	--	----------------------------	---------------------------------	---------------------------------

- Ordena as palabras anteriores alfabeticamente.

- 9 Cales destas características corresponden aos textos literarios?

- a) Expresan sentimentos.
b) Dan definicións sinxelas.
c) Emocionan ao lector.
d) Xogan coas palabras.
e) Teñen unha finalidade práctica.
f) Perseguen que o lector goce coa súa lectura.

- 10 Que tipo de texto teatral nos fará rir, unha comedia ou un drama? Razoa a resposta.

Comproba as túas competencias

Busca de información nunha páxina web



galego español inicio | sobre mc2 | axuda | contacto | sala de prensa Google Búsqueda personalizada Buscar

MUSEOS CIENTÍFICOS

CASACIENCIAS
DOMUS
ACUARIO

Horarios e prezos
Como chegar MAPAS
Que ver ELKNOZ
Actividades AXENDAS
Premios mc2
VISITAS ESCOLARES
E-MUSEO
monografías
e-Guías

Horarios e prezos

Os Museos Científicos Coruñeses abren as súas portas ó público **tódolos días da semana**, agás o 25 de decembro, o 1 de xaneiro e o 6 de xaneiro.

Cada ano hai once días de entrada gratuita. E lembra que os nosos horarios **varían ao longo do ano**:

XAN-ABR | MAIO-XUÑO | XULLO-AGOSTO | SETEMBRO-DECEMBRO
Do 2 de xaneiro ao 30 de abril

	CASACIENCIAS	DOMUS	AQUARIUM FINISTERRAE
HORARIO	Luns a Venres, 10:00-18:00 Sáb, Dom, festivos e Semana Santa § 11:00-19:00	Luns a Venres, 10:00-18:00 Sáb, Dom, festivos e Semana Santa § 11:00-19:00 >> O acceso péchase 15 min antes	Luns a Venres, 10:00-18:00 Sáb, Dom, festivos e Semana Santa § 11:00-20:00 >> O acceso péchase 1 hora antes
PREZO	2€ (1€ reducido *) planetario: 2€ (1€ reducido **)	2€ (1€ reducido *) cine 3D: 4€ (2€ reducido **)	10€ (4€ reducido *)

· BONOS
TARXETA VINTE | 20 €
Un ano de entrada aos tres museos
TRES CASAS | 12 €
Unha visita a cada museo
[Ver detalles](#)

<http://mc2coruna.org/gl/horarios-otono.html>



- Este fragmento corresponde á Web de $\tilde{C}$ ou tamén mc^2 . A que cres que equivale esa «fórmula»? (Fíxate no directorio superior).
 - Que museos engloba?
- Que tipo de información se achega na devandita páxina?
- Que días da semana abren estes museos?
 - E que días do ano permanecen pechados?
- Que museo abre máis horas ao cabo da semana?
 - Cal será a última hora á que se pode entrar na Domus un domingo?
- Carlota (de 12 anos) vai ir á Casa das Ciencias cos seus pais e mais coa súa avoa (de 68 anos). Pensan visitar tamén o planetario. Cantos terán que pagar?
 - O pai de Carlota quere pagar a entrada con tarxeta. Cres que poderá? Por que?
 - Cantos euros máis caro lles saíría se quixesen ir ao Aquarium?
- Os museos dispoñen de varios bonos. Como se chaman e en que consiste cada un?
- Que outros datos ofrece a páxina? Onde temos que premer se queremos acceder a eles?
- Onde poderíamos atopar estes sinais?







- Estes museos organizan actividades para colexios. Imaxina unha actividade divertida que che gustaría facer cos teus compañeiros e di a cal teriades que ir.